

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

EXTRACTO da Resolución do 24 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de cento cincuenta (150) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2020/21 nunha universidade galega (código de procedemento PR911A).

BDNS (Identif.): 498188.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán solicitar estas axudas os/as cidadáns/ás galegos/as residentes no estranxeiro cunha titulación universitaria de grao, licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a, diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a.

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases que regularán o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de cento cincuenta (150) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, co fin de cursar determinados estudos de máster que se inicien no curso 2020/21 nunha universidade galega, condicionada aos límites de financiamento.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 24 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de cento cincuenta (150) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2020/21 nunha universidade galega (código de procedemento PR911A).



Cuarto. *Importe*

Esta convocatoria terá carácter plurianual e para a concesión destas subvencións destinarase un total de 1.290.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.480.3 –excelencia para a mocidade do exterior– dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2020 e 2021, polo importe de 750.000 € para a anualidade 2020 e 540.000 € para a anualidade 2021. A concesión destas subvencións quedará condicionada aos ditos límites orzamentarios.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o día 30 de abril de 2020, ás 23.59 horas (hora peninsular española).

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2020

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

